



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

SECRETARIO:
D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil once baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Disculpan a súa asistencia D^a Marina Bouza Couce, D. Juan Puentes Calvo e D. Marcos Rodríguez Calvo

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/08/2011. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros /as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de agosto de dous mil once.

Non se formulando ningún tipo de alegación, ou observación o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 4/2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos núm. 4 /2011 que ascende á cantidade de 21.990,40€, aos efectos de suplementar as partidas 2011.3.21, 2011.9.22 e 2011.9.23, xa que as mesmas atópanse con créditos practicamente esgotados, así mesmo manifesta que se espera conseguir prórroga para a subvención da Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia para facer unhas xornadas de sensibilización ambiental. Dí así mesmo que o presente asunto foi informado favorablemente por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebrada o derradeiro día vinte de outubro de dous mil once.

Sen producirse debate do asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 4/2011, debendo aplicarse os suplementos de crédito de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	Consignac. Inicial	Financiación Remanente Líquido de Tesourería	Suplementos de crédito	Total Consig. resultante
I.- Gastos de Persoal	369.401,60€			369.401,60€
II.- Gastos en Bens correntes	655.264,79€	21.990,40€		677.255,19€
III.- Gtos financeiros	2.700,00€			2.700,00€
IV.- Transf. Correntes	26.000,00€			26.000,00€
VI.- Investimentos Reais	355.163,79€			355.163,79€
VII Transf. de capital	0,00€			0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€			0.00€

IX Pasivos financeiros	15.284,22€			15.284,22€
TOTAL	1.423.814,40€	21.990,40€		1.445.804,80€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

3.- CERTIFICACIÓN Nº 3 E DERRADEIRA DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA A VILARÓN - OS PICOS- O PAZO E GUNXEL, INCLUÍDA NO PCC - 2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao pleno da Corporación da redacción da certificación de obras núm. 3 e derradeira da correspondente á obra denominada "Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón- Os Picos - O Pazo e Gunxel", incluída no PCC 2011, por importe de 68.400,30€ , á presente certificación achégase a correspondente acta de recepción da obra. Dise polo Sr. Alcalde-Presidente que a presente certificación de obra foi informada favorablemente por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno que tivo lugar o derradeiro día vinte de outubro de 2011.

Sen producirse debate do asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a certificación de obras núm. 3 e derradeira correspondente á obra "Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón - Os Picos - O Pazo e Gunxel, incluída no PCC 2011, por importe de 68.400,30€.

2º. Remitila ao Servizo de Xestión de Planes, Planes Provinciais aos efectos de solicitar á Deputación Provincial o pagamento da mesma.

4. REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación do acordo da Comisión Informativa de asuntos do Pleno realizada o derradeiro día vinte de outubro de dous mil once, que acordou por maioría informar favorablemente a aprobación do borrador de modificación do regulamento de participación veciñal do Concello da Capela.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase o xa manifestado na Comisión Informativa no sentido de que non entende a postura contraditoria con respecto a este asunto dalgún concelleiro da corporación.

Sen producirse máis debate do asunto en cuestión, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a modificación da ordenanza de participación veciñal do Concello da Capela.

2º. De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local someter a información público polo prazo de trinta días aos efectos de reclamacións e suxerencias.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial de aprobación da modificación da ordenanza elevarase a definitivo debendo publicarse o texto íntegro no BOP.

5. SORTEO DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS. ELECCIÓNS XERAIS 2011.

Como consecuencia do sorteo efectuado por medios informáticos para a composición das mesas electorais correspondente ás Eleccións Xerais a realizar o vindeiro día 20 de novembro de 2011, o resultado é o seguinte:

MESA A

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO
FERNANDO MEIZOSO TEMBRÁS	32 671 981 K	PRESIDENTE
NOELIA VILAR CALVO	32 704 323 W	1º VOGAL
JUAN MARIA PAZ SANMARTÍN	32 690 224 W	2º VOGAL

SUPLENTES		
ENMA MARIA VILAR CALVO	32 699 441 L	1º SUPLENTE DE PRESIDENTE
MARIA LUZ LÓPEZ BARRO	32 702 358 S	2º SUPLENTE DE PRESIDENTE
JOSÉ LUIS SANMARTÍN SARDIÑA	32 636 752 M	1º SUPLENTE DE 1º VOGAL
MONTSERRAT SOBREDO ARNOSO	32 706 203 L	2º SUPLENTE DE 1º VOGAL
MARIA BEGOÑA FREIRE GARCÍA	76 410 754 Q	1º SUPLENTE DE 2º VOGAL
ANTON DÍAZ MEIZOSO	32 618 781 C	2º SUPLENTE DE 2º VOGAL

MESA B

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO
NURIA CASTRO BARROS	32 676 120C	PRESIDENTE
ROSA MARIA GABEIRAS SALGADO	76 417 514 Z	1º VOGAL
JOSE ANTONIO PAZ GARCIA	32 639 410 H	2º VOGAL
SUPLENTES		
SANTIAGO FDEZ MARTINEZ	32 657 657 A	1º SUPLENTE DE PRESIDENTE
SAMANTA LOPEZ PAZ	32 708 615 Q	2º SUPLENTE DE PRESIDENTE
JOSEFA FINA SECO VILAR	32 620 723 F	1º SUPLENTE DE 1º VOGAL
BEATRIZ GARCIA PAZ	32 679 741 F	2º SUPLENTE DE 1º VOGAL
BEATRIZ GARCÍA SOTO	32 648 798 E	1º SUPLENTE DE 2º VOGAL
PEDRO PICO PICO	32 627 674 N	2º SUPLENTE DE 2º VOGAL

O Pleno da Corporación queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas trinta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

José A. Meizoso Paz

